



*A vía que conduce de Roma a Capua é tan ancha que permite o paso de dous carros... É unha maravilla, é toda dunha pedra que Apio fixo cortar.*

(Procopio)

Do xermolo, que madura nas brétemas lendarias de Eneas, nace unha das máis amplas e coherentes construcións políticas e militares de todos os tempos.

Ó principio foi unha conquista teimuda, unha agresión sistemática. Pero co tempo foise caendo na conta de que isto non era suficiente se non se armaba un sistema de apoio, toda unha rede –campamentos fixos, albergues nos camiños, depósitos, conexións- que viña a dar á cidade e que se foi cargando de poder co paso do tempo. Esta rede tiña que ser sólida se se quería garantir o éxito das campañas militares, a súa coordinación e a súa continuidade. Así detrás dos exploradores do terreo organizados viñeron os construtores. Eles fixeron muros, pontes, estradas que facilitaron o paso das lexións.



Comezan a aparecer por todas partes réplicas urbanas de Roma como selo da dominación. A cidade significaba lei, pois os xuristas acompañaban no avance ós soldados, enxeñeiros e agrónomos. En calquera punto do territorio sometido podíanse ler epigrafiadas sobre bloques de mármore palabras como **libertas, potestas, auctoritas, imperium, Res Publica.**

## O LÉXICO DO PODER

**AUCTORITAS:** No sentido de estimación e aprecio é sinónimo de **dignitas** (*a calidade mesma que fai que un sexa digno dunha cousa e, consecuentemente, o mérito, a virtude, a posición social, o valor, a estima*); diferénciase da **dignitas**, calidade sempre loable en que a posee, en que a **dignitas** pon en acción os sentimentos dos demais en canto move á súa estima e respecto. A **auctoritas**, move a vontade dos demais determinándoos a tomar como modelo, a imitar, a obedecer ó suxeito en que reside esa calidade.

**IMPERIUM:** Designa o poder soberano, poder de mando sobre todos, o do pai de familia sobre os fillos, o do amo sobre os escravos. O poder soberano de tomar todas as medidas de utilidade pública mesmo fóra das leis. De onde que na linguaxe política supoña en quen o exerce unha autoridade superior, especialmente militar.

**POTESTAS:** É o poder de dereito, o outorgado polas leis. A **potestas** pertence ó **populus**, na República, como antes ó rei, durante o período monárquico. O poder de dar ordes en cumprimento das obrigas e dereitos dun cargo público.

**LIBERTAS:** É a **potestas** que un ten sobre si mesmo.

**RES PUBLICA:** Propiedade pública, ben do Estado, o Estado mesmo.

Pero a unidade entre todas estas colonias foi resultado de moitas forzas: o dereito e a rede de estradas que conducía ó centro só foron un instrumento máis que garantiu esa unidade, a verdadeira forza unificadora xerouse a partir da lingua na que se escribían as ordes militares, os decretos da xustiza, a liturxia do poder.



A latinidade nos seus comezos é como unha rede que se bota ó mar desde o Lacio e entre as mallas vai quedando atrapado todo un amplo territorio que se ordena arredor dun mar interior. O historiador grego Dionisio de Halicarnaso (60 a C.) , escribiu que a grandeza de Roma no é cousa só da boa fortuna, senón o resultado dun esforzo meritorio ó que non era allea a influencia grega. Un esforzo e ademais un sentido práctico do que dan fe o que para el son as tres principais achegas de Roma: as vías, os acuedutos e as cloacas.